

# Compromiso Ético

A Marea de Vigo nacida como movemento cidadá coa finalidade de producir un renacemento ético, político e cultural, necesariamente superador dun sistema de xestión dos partidos corruptos e obedientes a minorías privilexiadas, recolle o presente código de prácticas e accións que as persoas que ocupen cargos electos cumprirán para asegurar unha xestión comprometida coa cidadanía, asumindo os mecanismos eficaces que no seu momento sexan aprobados pola Marea de Vigo para garantir a radicalidade democrática e a transparencia na acción política.

A representación política da Marea de Vigo mediante o exercicio de cargo público, supón tamén o compromiso de impulsar os mecanismos para que estes principios éticos se convertan en norma habitual de funcionamento na administración local, e a remover os obstáculos que os dificulten.

As persoas que ocupen ou aspiran a cargos electos asumen os compromisos seguintes:

## Para candidatarse

- 1.- O procedemento é mediante **primarias abertas**, seguindo o protocolo que se aprobe pola Asemblea da Marea de Vigo. O feito de candidatarse implica a sinatura do Manifesto da Marea, do Programa Electoral e deste documento.
- 2.- A **renuncia ao transfuguismo** político, asumindo, nese caso, a revogación e devolución do cargo político á Marea de Vigo, así como a expulsión de tódolos grupos de traballo, de representación ou de decisión.
- 3.- A imputación en delitos relacionados con corrupción, prevaricación, tráfico de influencias, enriquecemento inxusto, suborno, malversación e ou apropiación de fondos públicos, así como por delitos de racismo, xenofobia, violencia de xénero, homofobia, delitos ecolóxicos, contra os dereitos humanos ou das persoas traballadoras, supón a expulsión da Marea de Vigo con idéntico alcance que o descrito no punto anterior, devolvendo o seu cargo de representación política.

## Na representación política

4.- Á **defensa do establecido tanto no Programa como no Manifesto da Marea de Vigo**, e a asumir politicamente as decisións tomadas democraticamente nos órganos abertos á cidadanía. Así como ao impulso, promoción e apoio de todas aquelas iniciativas cidadás que se propoñan e teñan como obxectivos os definidos no Programa. Salvo excepcións que se establezan no Regulamento de Funcionamento, os órganos da Marea non poderán modificar o Programa ou o Manifesto.

5.- A facilitar unha **declaración de tódolos ingresos**, bens e rendementos patrimoniais antes da toma de posesión da condición de representante político, cada ano durante o exercicio do cargo, e finalmente ao remate do mesmo. E, en calquera caso, cando así se lle requira pola Marea de Vigo, de todos aqueles datos necesarios para a detección de posibles conflitos de intereses e que faciliten o desenvolvemento de auditorías cidadás.

6.- A **fiscalización da actividade de representación** supón a aceptación dos mecanismos que a Marea de Vigo estableza para a o control, seguimento e avaliación cidadá da xestión, asumindo a revogación do cargo derivada do incumprimento dos compromisos co Programa. Polo tanto, a render conta da xestión como cargo público ante os órganos oportunos da Marea de Vigo e no seu caso da coordinadora do grupo municipal, ou calquera outro que se estableza.

7.- Calquera **pacto ou acordo posterior as eleccións** ben sexa na busca de acordos externos ou internos, con outros grupos, colectivos, plataformas cidadás... sexa no exercicio de accións de goberno ou de oposición, require a aprobación do órgano da Marea de Vigo que se estableza. En calquera caso e en relación cos movementos cidadás doutros concellos, se manterán relacións éticas, cooperativas e colaborativas na busca conxunta do ben común.

8.- Á **publicación das súas axendas**, facendo visíbel con quen se reúne, que asuntos se tratan, así como as ordes do día e as actas desas reunións.

9.- Á aceptación do **límite de percepcións** que a Marea de Vigo estableza, así como a renuncia ao desenvolvemento de máis dun cargo público e a recibir agasallos ou calquera outro privilexio que lle podan ofrecer pola súa condición.

10.- Á aceptación do **límite de mandatos** establecido en dúas lexislaturas consecutivas. Excepcionalmente pódese ampliar a unha máis, sempre que se faga dende unha posición fortemente argumentada, debatida e aprobada polos órganos da Marea de Vigo que corresponda.

11.- A **non ter relación profesional ou laboral** de ningún tipo e durante o prazo que se estableza pola Marea de Vigo, con persoas físicas ou xurídicas ou vinculadas con elas, que tiveran relacións contractuais co concello no momento da toma de posesión, ou coas que se asinen posteriormente durante a vixencia do mandato.

12.- **Compromiso con a laicidade.** As persoas que representan organizativa ou politicamente á Marea de Vigo, se comprometen a non representar á Marea de Vigo en ningún acto nin manifestación relixiosa.